

ANUNCIO

Por resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 709/2025, do 24 de xullo, aprobouse a relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración xeral interinos que a seguir se transcribe:

ASPIRANTE (Apelidos e nome)	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
M.G., C.	5,48	2,45	7,93
P.V., L.	7,04	0	7,04
B.G., L.	5,51	0,95	6,46
A.P., R.	5,29	0	5,29

A dita resolución, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é de un mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Cambre, na data da sinatura dixital

O concelleiro delegado

P.D. (R.A. núm. 396/2025, do 30 de abril)

Rubén Vázquez Pérez